

PROCEDIMENTO DE ADMISIÓN CURSO 2023-24

DOCUMENTACIÓN:

- Impresos de solicitude Anexo II e Anexo II bis (**CUBERTO EN COR AZUL E MAIÚSCULAS**)
- Copia do DNI do/a alumno/a ou copia da folla do libro de familia onde figure.
- Sentenza de separación ou divorcio de ser o caso.

CALENDARIO DO PROCESO DE ADMISIÓN

PRAZO DE PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE (ANEXO II) e ANEXO II-bis:

Do 1 ao 21 de marzo ambas inclusive ou ben a través da aplicación:

[admisionalumnado](https://www.xunta.es/admisionalumnado) (<https://www.xunta.es/admisionalumnado>)

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN EN CASO DE BAREMACIÓN:

10 días hábiles, contados a partires dos dous seguintes ao remate do prazo de presentación das solicitudes.

PUBLICACIÓN DA LISTAXE PROVISIONAL: **25 de abril**

RECLAMACIÓN DAS LISTAXES PROVISIONAIS NA SECRETARÍA

DO CENTRO:

5 días a partir da publicación

PUBLICACIÓN LISTAXE DEFINITIVA: **15 de maio**

RECLAMACIÓN LISTAXE DEFINITIVA ANTE A XEFATURA TERRITORIAL:

1 mes a partir da publicación

PRAZO DE FORMALIZACIÓN DE MATRÍCULA: **Do 20 ao 30 de xuño**

O apartado *renda per cápita*:

Inclúe as cantidades obtidas da base imponible xeral (Casiña 435) máis a base imponible do aforro (Casiña 460) da declaración do imposto sobre a renda das persoas física no exercicio 2021, dividida entre o número de membros computables da unidade familiar a data 1 de marzo de 2023. Cando non se presentase declaración, teranse en conta os ingresos de acordo cos datos facilitados pola Axencia Estatal de Administración Tributaria. Para determinar a puntuación utilízase o Indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) anual de 2021, e que está fixado en 6.778,80 € na disposición adicional centésima vixésima primeira da Lei 11/2020, do 30 de decembro, de Orzamentos xerais do Estado para o ano 2021.

A solicitude será única e entregarse no centro onde o/a solicitante pretende ser admitido/a.

NON SE RECOLLERÁN SOLICITUDES RISCADAS OU CORREXIDAS

LEAN BEN AS INSTRUCCIÓNS ANTES DE CUBRIR A SOLICITUDE

ENTREGA DE SOLICITUDES:

➤ **MAÑÁS: EN HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO**

➤ **TARDES: LUNS DE 15.30 a 16.30**

MARTES DE 16.00H a 17.00H

(PREGAMOS RESPETEN OS HORARIOS).

***Para outros horarios chamen ao centro ☎ 988221127**

PROCEDEMENTO DE ADMISIÓN CURSO 2023-24

NORMATIVA REGULADORA DO PROCEDEMENTO DE ADMISIÓN

[ORDE do 18 de decembro de 2020](#) pola que se modifica a Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (código de procedemento ED550A e ED550B).

[ORDE do 25 de xaneiro de 2017](#) pola que se modifica a Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

[ORDE do 12 de marzo de 2013](#) pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

[DECRETO 13/2022, do 3 de febreiro](#), polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

[ORDE do 21 de outubro de 2022](#) pola que se desenvolve o Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, e se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

POSTOS VACANTES PARA O CURSO 2023-24

EDUCACIÓN INFANTIL	
4º curso (3 anos)	22 prazas + 3 (ACNEAE)
5º curso (4 anos)	7 prazas
6º curso (5 anos)	14 prazas

EDUCACIÓN PRIMARIA	
1º curso	3 prazas+3 (ACNEAE)
2º curso	1 prazas
3º curso	1 praza
4º curso	4 prazas
5º curso	2 prazas
6º curso	3 prazas

PROCEDIMENTO DE ADMISIÓN CURSO 2023-24

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

DO 1 ao 21 DE MARZO DE 2023 (ambos inclusive)

O formulario normalizado (ED550B) será facilitado gratuitamente no Colexio e tamén estará dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, na aplicación «**admisionalmnado**» (<https://www.edu.xunta.es/admisionalmnado>) ou na páxina web da Consellería competente en materia de educación e na páxina web do colexio (<https://www.colexiosanpiox.gal>), onde pode cubri-lo no ordenador.

As solicitudes de admisión, presentaranse mediante o formulario normalizado a través da aplicación de xestión do proceso «**admisionalmnado**».

Tamén se poderán presentar de forma presencial no centro docente nos horarios de secretaría, xefatura ou dirección, os luns de 15.30 h a 16.30 h e martes de 16.00 h a 17.00 h.

- ✓ Esta solicitude será única e terá carácter vinculante (Artigo 14.2).
- ✓ Débense cubrir todos os datos.
- ✓ Deberá acompañarse de fotocopia do DNI do alumno/a ou da folla do libro de familia onde figure.
- ✓ Certificado de matrícula expedido polo centro no que cursa estudos actualmente (excepto alumnado de 3 anos)

Segundo a lexislación vixente cada alumna e alumno só pode presentar **unha única solicitude no centro no que solicite praza en primeiro lugar**, advírtese que a infracción determinará a perda dos dereitos de prioridade que poidan corresponderlle.

PROCESO DE BAREMACIÓN

En caso de ser necesario o proceso de baremación, POR MOTIVOS DE RECIBIR MÁIS SOLICITUDES QUE VACANTES, o centro solicitará máis documentación ás familias.

CRITERIO COMPLEMENTARIO

Ser fillo/a de antigo/a alumno/a do centro.

DESEMPATE:

A Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, en cumprimento do previsto no artigo 34 e na disposición adicional primeira da devandita orde, realiza nesta data o sorteo público anunciado por Resolución de 10 de febreiro de 2023. Para resolver o empate na puntuación final no curso 2023/2024, terase en conta o número 0,69, resultante do sorteo público, dividido entre 100 (69/100). Este número multiplicarase polo número de solicitudes que resulten empatadas en cada centro e curso, e o resultado da multiplicación redondearase á alza.

O número enteiro obtido determinará a solicitude que ocupará o primeiro lugar e, a partir desta, a orde das sucesivas solicitudes empatadas, previamente ordenadas de forma ascendente e

PROCEDIMENTO DE ADMISIÓN CURSO 2023-24

correlativa con base no número aleatorio asignado pola aplicación **admisionalumnado** no momento da súa gravación no sistema.

CALENDARIO DE PUBLICACIÓN DAS LISTAXES E MATRICULACIÓN

Prazo de presentación de documentación en caso de baremación	Presentación da documentación acreditativa dos criterios de admisión do baremo: 10 días hábiles, contados a partires dos dous seguintes ao remate do prazo de presentación de solicitudes.
Publicación das listaxes provisionais de admitidos e non admitidos	25 de abril
Reclamación das listaxes provisionais, na Secretaría do centro	5 días a partir da publicación
Publicación das listaxes definitivas	15 de maio
Reclamación ante a persoa titular da Xefatura Territorial	Un mes a partir da notificación
Formalización de matrícula en educación infantil e primaria	Do 20 ao 30 de xuño

A consulta das listaxes poderá facerse de forma:

- 1.- Presencial: no taboleiro de anuncios situado no interior do centro escolar
- 2.- Non presencial: a través da aplicación **admisionalumnado** empregando a chave 365 ou certificado dixital

ÁREAS DE INFLUENCIA DO CENTRO E ÁREAS LIMÍTROFES



✓ **Áreas de influencia:**

Perímetro comprendido por: parte leste da N-540 desde os límites do termo municipal ata cruce con Avenida de Marcelo Macías (Fonsillón, Laxas...). Marcelo Macías, rúa Domingo Fontán, rúa da Coruña, ata vía do tren. Parte oeste da vía férrea ata o límite do termo municipal (Cruceiro Quebrado, Residencia...).

Todas as rúas interiores dentro deste perímetro.

✓ **Áreas limítrofes:**

Resto do municipio